



Concello de Meaño



CONVENIO DE COLABORACION ENTRE O CONCELLO DE MEAÑO (NIF P3602700A) E A ASOCIACION BANCO DE ALIMENTOS RIAS BAIXAS PONTEVEDRA (CIF G94074051) PARA FINANCIACIÓN DE PROGRAMAS DE COBERTURA DE NECESIDADES BASICAS DE PERSOAS EN SITUACIÓN DE CARENCIA E/OU LIMITACIÓN DE RECURSOS ECONÓMICOS. EXERCIZO 2026.

En Meaño, **REUNIDOS:**

Dunha parte, D. Carlos Viéitez Fernández, con DNI nº ****972**, actuando en nome e representación do Concello de Meaño, na súa calidade de Alcalde, en virtude das facultades representativas que lle atribúe a Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

Doutra parte, D^a Dora Pérez Alarcón con DNI nº *****349** na súa calidade de Presidente da Asociación Banco de Alimentos Rías Baixas Pontevedra (o cal acredita mediante certificación da Secretaría da Asociación).

Atendendo ao disposto no artigo 2.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, que esixe para que as disposicións dinerarias realizadas polas entidades locais teñan a condición de subvencións que estas non teñan contraprestación directa do beneficiario, que estean suxeitas ao cumprimento dun determinado obxectivo, a realización dunha actividade ou a adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por desenvolver, cumprindo as obrigas materiais e formais que se estableceran, e que estas condutas teñan por obxecto o fomento dunha actividade de utilidade pública, interese social ou a promoción dunha finalidade pública.

Co fin de dar cumprimento ao previsto no artigo 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, que considera os convenios como os instrumentos habituais para a canalización das subvencións nominativas, ambas partes na representación que legal e regulamentariamente teñen concedida, recoñecéndose reciprocamente





Concello de Meaño

plena capacidade para a sinatura do presente CONVENIO **EXPOÑEN**:

PRIMEIRO.- Que o Concello de Meaño ten como unha das súas competencias a de “Avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social”, de acordo co previsto no artigo 25.2.e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime Local e “A prestación dos servizos sociais e a promoción e reinserción sociais” segundo o artigo 80.2 k) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

A Constitución Española de 1978 establece, no seu artigo 39, que os poderes públicos asegurarán a protección social, económica e xurídica da familia.

A Asociación Banco de Alimentos Rías Baixas Pontevedra ten como un dos seus fins principais a *“loita contra a miseria dos máis desfavorecidos, mediante o servizo a outras institucións que loitan contra a fame” para o que o Banco de Alimentos Rías Baixas Pontevedra “aprovisionará gratuitamente ás institucións beneficiarias e beneficiarios, (...) , na forma de bolsas de alimentos”*.

A Asociación Banco de Alimentos Rías Baixas Pontevedra conta entre os destinatarios dos seus programas con veciños do Concello de Meaño garantíndolles uns recursos básicos en forma de bolsas de alimentos.

SEGUNDO.- O presente convenio ten por obxecto contribuír á financiación dos gastos correntes dos programas da Asociación de cobertura de necesidades básicas de persoas en situación de carencia e/ou limitación de recursos económicos que teñan por destinatarios a veciños do Concello de Meaño.

Para elo o Concello de Meaño comprométese a destinar as cantidades que se recollen na Base XII de execución do Orzamento municipal do ano 2026, prorrogado 2024, na que se recolle a seguinte subvención nominativa, que figura no Plan Estratéxico de Subvencións 2024-2027 do Concello de Meaño:

APLICACIÓN BENEFICIARIO	FINALIDADE	IMPORTE MÁXIMO
231.48000	Banco de Alimentos Rías Baixas	Programas de cobertura de necesidades básicas 500,00 €
G94074051		de persoas en situación de carencia e/ou limitación de recursos económicos

Por todo o anterior, ambas as partes asinantes acordan outorgar o presente convenio de colaboración en base con base nas seguintes **CLAUSULAS**:

PRIMEIRA.- OBXECTO

O obxecto do presente Convenio é regular a colaboración entre o Concello de Meaño e a Asociación Banco de Alimentos Rías Baixas Pontevedra, mediante unha subvención directa, co obxecto de contribuír á financiación dos gastos correntes dos programas de cobertura de necesidades básicas de persoas en





Concello de Meaño

situación de carencia e/ou limitación de recursos económicos que teñan por destinatarios a veciños do Concello de Meaño o ano 2026.

SEGUNDA.- CONSIGNACIÓN ORZAMENTARIA

Para a realización das actividades descritas no presente convenio, o concello de Meaño ten consignado no actual orzamento 2026 para esta finalidade, a cantidade máxima de QUINIENTOS EUROS (500,00 €) con cargo a aplicación orzamentaria 231-4800601.

TERCEIRA.- OBRIGAS DO BENEFICIARIO

A Asociación Banco de Alimentos Rías Baixas Pontevedra deberá:

- 1) Carecer de ánimo de lucro.
- 2) Realizar as actividades subvencionadas segundo as normas de funcionamento da propia Asociación e as directrices que sinala o Concello.
- 3) Cumprir os requisitos e condicións que determinan a concesión da axuda.
- 4) Admitir nas actividades a que se refire a subvención con carácter prioritario aos veciños de Meaño.
- 5) Someterse as actuacións de comprobación que respecto a xestión dos fondos outorgados poda facer o Concello, así como calquera outras de comprobación e control financeiro que podan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais como comunitarios, aportando canta información sexa requirida no exercicio de súas actuacións.
- 6) No desenvolvemento destas actividades farase a debida publicidade onde figure o patrocinio das mesmas por parte do Concello de Meaño.
- 7) Non ter débedas co Concello de Meaño.
- 8) Comunicar ao concello de Meaño a obtención de calquera outra subvención, axuda, ingreso ou recurso que financie as actividades que se subvencionan a través do presente convenio. O importe da subvención concedida polo concello en ningún caso será de tal contía que, illada ou en concorrencia con outras subvencións, axudas ou ingresos, supere o custo da actividade subvencionada. Esta comunicación realizarase tan pronto como se coñeza, e en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos concedidos polo Concello
- 9) O desenvolvemento, pola asociación, das actividades subvencionadas, non implicará relación laboral ou de natureza similar entre as persoas que vaian desenvolver os programas de e o Concello de Meaño, de tal xeito que ao Concello de Meaño non se lle pode esixir ningunha responsabilidade, nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento dos programas de intervención da Asociación.





Concello de Meaño

CUARTA.-XUSTIFICACIÓN.

Para percibir a subvención deberán presentar a seguinte documentación, **obrigatoriamente** por medios electrónicos na sede electrónica do Concello de Meaño, co enderezo **concellodemearno.sedelectronica.gal**, a través da instancia xenérica dispoñible e a que se achegará a seguinte documentación:

- a) Declaración da Presidencia da Asociación das actividades realizadas no período a xustificar asinada electronicamente.

A necesidade dos gastos de transporte, viaxes, etc que se deriven da actividade deberán xustificarse na declaración da presidencia.

No caso de que un mesmo gasto poida aplicarse a mais dun proxecto ou actividade, ou ben o mesmo non sexa aplicable ao 100% a proxecto/ actividade/finalidade a que se refire este Convenio, explicarse o método seguido para o cálculo do gasto imputado, por exemplo: no caso de atender a usuarios/ beneficiarios de varios concellos en atención a número de usuarios/ beneficiarios do Concello de Meaño; no caso de nóminas atendendo ao número de horas empregado polo traballador nas actividades subvencionadas; etc.

- b) Facturas, indicando o número de unidades, os prezos unitarios e o custo total de cada unha, relacionadas coa actividade subvencionada. De tratarse de gastos de monitores ou director presentaran nóminas, facturas ou liquidacións debidamente asinada polo beneficiario en a que se reflexen os datos persoais, concepto e o importe íntegro da prestación, o importe da retención correspondente ao IRPF e o importe líquido a percibir polo interesado e deberá achegarse o modelo 111 e a Relación Nominal de Traballadores (de ser o caso). As facturas deberán de cumprir coa normativa de facturación.

Estes documentos probatorios estarán conformados electronicamente polo/a Presidente/a da asociación, con indicación do DNI.

- c) Certificación de estar ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias (Facenda do Estado, Facenda da Comunidade Autónoma e fronte á Seguridade Social).
- d) Declaración-certificación asinada electronicamente polo Presidente/a, Secretario/a e Tesoureiro/a da Asociación, segundo **Anexo I** que se achega.
- e) Conta xustificativa do gasto, segundo **Anexo II** que se achega, asinada electronicamente.
- f) Acreditación de ter realizado o pago do/s gasto/os xustificado/os mediante transferencia bancaria para facturas por importe maior o igual a 1.000,00 € (artigo 7 da lei7/2012, de 29 de outubro, de modificación de la normativa tributaria y presupostaria y de adecuación de la normativa financeira para la intensificación de las actuacións en la prevención y loita contra el fraude). Cando sexan facturas pagadas en metálico (< 1.000,00 €), debe constar ademais o pagado ou xustificante de recepción emitido pola empresa, selado e rubricado (nome e DNI ou





Concello de Meaño

CIF e sinatura). De acordo co establecido no artigo 31.2 da Lei 38/2003, así como no artigo 29 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, se considera gasto realizado o que fora efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación.

- g) Xustificación da publicidade onde figure o patrocinio das mesmas por parte do Concello de Meaño con escudo do Concello e texto Concello de Meaño (Vestuario, notas de prensa, material de divulgación, papelería, lonas publicitarias, páxina web e redes sociais de asociación, etc.)

O Concello de Meaño poderá consultar e/ou poñer en coñecemento da Axencia Tributaria, da Seguridade Social ou de calquera outro organismo/ administración competente, as dúbidas ou incidencias que xurdan en relación coas facturas, nóminas e/ou pagos que se presenten para a xustificación da axuda concedida.

En caso de que a documentación presentada non cumpra cos requisitos sinalados ou sexa insuficiente, farase un único requirimento para que no prazo improrrogable de 10 días se complete a documentación presentada. Pasado este prazo sen emendar os defectos notificados darase a subvención por non xustificada ou parcialmente xustificada, en función da natureza do defecto non emendado.

Á vista da documentación xustificativa presentada, a Xunta de Goberno estimará o cumprimento das actividades subvencionadas, e procederá , no seu caso ó recoñecemento e pago da mesma.

O aboamento da subvención ou axuda farase efectivo por medio de ingreso na conta bancaria da entidade financeira que conste no Rexistro de Asociacións do concello sinalada pola entidade beneficiaria na documentación achegada.

O prazo de xustificación rematará o día 30 de novembro do ano en curso. De non xustificarse en dito prazo perderase o dereito a esixila.

A entidade beneficiaria deberá conservar os documentos xustificativos dos fondos percibidos, así como a documentación contable que lle sexa esixida na súa lexislación aplicable, co fin de facilitar as actuacións de comprobación e control.

QUINTA.- A Asociación Banco de Alimentos Rías Baixas Pontevedra queda sometida á responsabilidade e ó réxime sancionador establecido no artigo 40 do Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais así como no Título IV da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

SEXTA.- Para o cumprimento do presente convenio créase unha Comisión Mixta de Seguimento, formada pola Concelleira de Servizos Sociais e Igualdade, un/unha empregado/a pública do Concello de Meaño e o presidente do a Asociación Banco de Alimentos Rías Baixas Pontevedra.

Dita Comisión será a encargada do seguimento, interpretación e control do convenio, así como, de ser o caso, arbitrar os mecanismos de solución de controversias e de denuncia do convenio por algunha das partes.





Concello de Meaño

SÉTIMA.- O Concello de Meaño resérvase o dereito a orientar tecnicamente as actividades, a comprobar os datos económicos así como a supervisar a efectiva realización das mesmas, e a entender e dar a coñecer publicamente as actividades subvencionadas.

- Concello de Meaño poderá revogar as axudas previstas neste convenio nos seguintes casos:
Obtención da subvención falseando as condicións requiridas para elo ou ocultando aquelas que o impidiran.
- Incumprimento total ou parcial do obxectivo da actividade a subvencionar.
- Incumprimento das obrigas de adoptar as medidas de difusión.
- Resistencia, escusa ou obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control.
- Non asinar o convenio no prazo sinalado polo Concello.

O incumprimento de calquera das cláusulas do Convenio constituirá causa suficiente de rescisión deste.

OITAVA .- O presente convenio entrará en vigor na data da súa sinatura estendéndose a duración do mesmo **ata o día 15 de decembro**. Non obstante o mesmo abarcará as actuacións obxecto deste convenio que se realicen pola entidade desde o comezo do corrente ano (2026).

NOVENA- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público. As resolucións que se adopten porán fin á vía administrativa, polo tanto, contra elas só cabe recurso ante a xurisdición contencioso - administrativa

DÉCIMA- De conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, o convenio de colaboración e a información sobre a subvención articulada no mesmo serán comunicados á Base de datos nacional de subvencións do Ministerio de Facenda.

O presente Convenio obriga ao cumprimento do expresamente pactado, someténdose ambas as dúas partes ó acordado en tódalas estipulacións.

En proba de conformidade asinan o presente Convenio, no lugar e data anteriormente indicada.

O ALCALDE

O PRESIDENTE DA ASOCIACIÓN

